

---

# X CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA DEPORTE SOLIDARIO E INCLUSIVO 2023-2024

---

AXUDAS PARA FAVORECER O USO DO DEPORTE COMO  
INSTRUMENTO DE INCLUSIÓN E INTERVENCIÓN SOCIAL



## Deporte Solidario

### BASES DA CONVOCATORIA

Coa colaboración de:



## Táboa de contido

<b>Introdución</b> .....	<b>3</b>
<b>1. Obxecto, Finalidade e Requisitos dos proxectos</b> .....	<b>4</b>
<b>2. Características das axudas</b> .....	<b>5</b>
<b>3. Entidades beneficiarias</b> .....	<b>8</b>
<b>4. Conceptos subvencionables e prazo de execución</b> .....	<b>9</b>
<b>5. Criterios de valoración</b> .....	<b>10</b>
5.1 Valoración da entidade (ata 20 puntos).....	10
5.2 Valoración do Proxecto presentado (ata 80 puntos) .....	11
<b>6. Solicitude: Prazo, documentación e proceso</b> .....	<b>14</b>
6.1 Prazo de presentación .....	14
6.2 Datos de contacto para comunicacións.....	14
6.3 Documentación a presentar .....	15
6.4 Subsanación.....	17
<b>7. Avaliación e Resolución</b> .....	<b>18</b>
7.1 Proposta de valoración inicial .....	18
7.2 Proposta de concesión provisional .....	18
7.3 Proposta de resolución definitiva .....	19
<b>8. Formalización da concesión. Forma de Pago. Circunstancias excepcionais</b> .....	<b>20</b>
<b>9. Obrigacións das entidades beneficiarias</b> .....	<b>21</b>
9.1 Sobre as condicións de execución do proxecto.....	21
9.2 Sobre o proceso de seguimento e avaliación.....	22
9.3 Sobre a Protección de datos e Dereitos de imaxe.....	22
9.4 Sobre a publicidade e difusión .....	23
<b>10. Xustificación</b> .....	<b>24</b>
10.1 Documentación do proxecto .....	24
10.2 Documentación económica .....	24
10.3 Proceso de revisión e extinción do convenio .....	25
<b>11. Incumprimentos</b> .....	<b>26</b>
<b>12. Protección de datos de carácter persoal</b> .....	<b>27</b>

## Introdución

A Fundación Emalcsa ten entre os seus obxectivos e fins, segundo os seus Estatutos:

- A promoción da igualdade de oportunidades e da integración social e laboral da poboación en xeral e especialmente das persoas e colectivos que poidan sufrir discriminación ou dificultade para a súa plena integración social por razón de idade, de déficits de formación, de diversidade funcional ou discapacidade, de padecer adiccións, ou de calquera outra causa (Art. 7.a.1.1)
- O fomento do deporte de base e dos valores sociais asociados á práctica deportiva, tales como o traballo en equipo, o esforzo e afán de superación, o respecto polas regras e o xogo limpo, os hábitos saudables en alimentación e a prevención e rexeitamento ao uso de substancias prohibidas ou perigosas para a saúde, etc. (art. 7, a.2.1)

Atendendo a estes fins e que a actividade física e o deporte, máis aló dos beneficios da aprendizaxe e práctica deportiva en si mesmos, ofrecen oportunidades únicas para a promoción e transmisión de valores, para a integración e a cohesión social, a Fundación Emalcsa realiza unha convocatoria de axudas para favorecer o uso do deporte como instrumento de intervención e transformación social.

Esta convocatoria forma parte do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Coruña (PESCC) 2021-2023, conforme á disposición adicional 16ª da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións. Concretamente, enmárcase dentro dos obxectivos estratéxicos do PESCC relativos ao *Fortalecemento da inclusión e da atención social, da igualdade, da diversidade e da complementariedade de accións co terceiro sector* (obxectivo 3) e ao *Fomento e apoio de actividades e programas que contribúan á práctica de actividades físicas e deportivas* (obxectivo 8); contribuíndo especificamente aos seguintes obxectivos operativos:

- Apoio a programas e accións de inclusión e atención social para persoas con diversidades funcionais, psíquicas o sensoriais (obxectivo operativo 9).
- Fomento e apoio á práctica de actividades deportivas con atención ás diversidades (obxectivo operativo 31).

## 1. Obxecto, Finalidade e Requisitos dos proxectos

O **obxecto** desta convocatoria é apoiar economicamente ás entidades deportivas na execución de **proxectos de Deporte Solidario e Inclusivo na cidade da Coruña** atendendo ás diversidades existentes.

Para iso, os proxectos que concorran deberán atender a algún dos seguintes **fins**:

- a. Desenvolver actividades deportivas que favorezan de forma continuada a inclusión e participación de persoas en situación de vulnerabilidade social.
- b. Fomentar que as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión poidan **iniciarse e evolucionar na práctica de modalidades deportivas**, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.
- c. Promover o **acceso** das persoas en risco de exclusión social ou pobreza á **oferta deportiva** mediante a facilitación dos recursos de apoio necesarios.
- d. Promoción dos **valores sociais** vinculados ao deporte, así como a concienciación da poboación ante as diversas realidade que conviven na nosa contorna, como accións complementarias das actividades do proxecto.

Ademais, os proxectos que se presente a esta convocatoria deberán **cumprir os seguintes requisitos**:

1. Estar deseñados de forma específica para a presente convocatoria, podendo ser parte da programación e/ou actividades habituais.
2. Contar cunha planificación e metodoloxía adecuada para garantir os obxectivos de integración e transformación social a través da actividade deportiva, aos que pretende contribuír esta convocatoria.
3. Realizarse en colaboración con polo menos unha entidade especializada na atención a colectivos en risco de exclusión.
4. Desenvolverse no termo municipal da Coruña, sen prexuízo de que se realice algunha actividade fose do municipio atendendo á súa natureza ou ás condicións específicas do colectivo destinatario.
5. Executarse entre a data de presentación da solicitude e o 31 de agosto de 2024. No caso de que a entidade solicitante sexa beneficiaria da convocatoria anterior, a data de inicio do proxecto presentado deberá ser posterior á finalización e xustificación do anterior.

Aquelas solicitudes que non respondan a estes requisitos, non serán obxecto de valoración por parte da Comisión de Avaliación.

## 2. Características das axudas

- a) O importe total destinado ás axudas é de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (250.000,00€).
- b) A concesión das subvencións efectúase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación e publicidade, mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer un prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro da dotación dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.
- c) Cada entidade só poderá presentar un proxecto.
- d) Poderase subvencionar de forma parcial ou total o proxecto (alcanzando o 100% do custo total).
- e) A axuda é compatible con outras subvencións.
- f) O importe de cada subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade/proxecto subvencionado.
- g) A contía mínima que se poderá conceder a cada proxecto será de TRES MIL EUROS (3.000€) e a máxima de VINTE MIL EUROS (20.000€).
- h) A axuda financia gastos relacionados co fomento do deporte basee, cun 25% do importe total outorgado, e do proxecto social presentado, co 75% da cantidade concedida.
- i) A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcialmente a actividade subvencionada nos termos do artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

Para determinar a existencia de subcontratación terase en conta o obxecto social da entidade solicitante. Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida prover por si mesma a entidade solicitante por estar fóra do seu obxecto social. Non se poderán contratar ditas prestacións con terceiros intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou servizo sen engadir valor adicional, aumentando así o prezo final facturado. A parte subcontratada non excederá do 20% do importe da subvención.

En ningún caso o beneficiario poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- Persoas ou entidades que perciban outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pago estea

xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.

- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as circunstancias dispostas no punto j) desta base.
- Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obteñan subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

j. De acordo con o establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en ningún caso poderá concertarse pola entidade beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo con as condicións normais de mercado.
- Que se obteña a previa autorización da Fundación Emalcsa (i) a solicitude por parte do interesado con carácter previo á execución da actividade subvencionada ou (ii) por acordo coa Fundación anterior á execución da actividade subvencionada, estipulando terceiro/s co que se contratará e o/os servizos/s que se recibe/n.

Conforme ao artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, considerarase que existe vinculación por parte da entidade beneficiaria con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Persoas físicas unidas por relación conxugal ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo.
- As persoas físicas e xurídicas que teñan unha relación laboral retribuída mediante pagos periódicos.
- Ser membros asociados do beneficiario a que se refire o apartado 2 e membros ou partícipes das entidades sen personalidade xurídica a que se refire o apartado 3 do artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións.
- As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e os seus representantes legais, patróns ou quen exerza a súa administración, así como os cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.
- As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e as persoas físicas, xurídicas ou agrupacións sen personalidade que conforme a normas legais, estatutarias ou acordos contractuais teñan dereito a participar en máis dun 50 por cento no beneficio das primeiras.

No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, autorizadas expresamente pola Fundación, o importe subvencionable non pode exceder o custo incorrido pola entidade ou persoa vinculada para o exercicio da acción ou actividade subcontratada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria (base 10.2).

### **Outras aportacións de financiamento**

A obtención con posterioridade á concesión da axuda por parte de Fundación Emalcsa doutras subvencións para o mesmo proxecto ou actividades integradas neste, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais, comunicarase de inmediato por escrito á Fundación Emalcsa, especificando a contía e destino que se dará aos devanditos fondos dentro do proxecto. En ningún caso o financiamento pode exceder do custo do proxecto.

### 3. Entidades beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria as **entidades deportivas** que reúnan os seguintes **requisitos**:

- a) Que sexan privadas e sen fin de lucro, e que **estean rexistradas como entidades deportivas** no Rexistro Oficial correspondente (provincial, autonómico ou estatal).
- b) Que teñan a sede social e dispoñan de actividade deportiva demostrable no termo municipal da Coruña.
- c) Que estean rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).
- d) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e de Seguridade Social, no seu caso.
- e) Que estean ao corrente das obrigacións establecidas en convocatorias anteriores do Concello da Coruña e da Fundación Emalcsa, no momento de concesión da axuda.
- f) Que todas as persoas que participen na actividade da asociación (incluído o persoal contratado e o voluntario), cumpran coa lexislación en materia de igualdade e non discriminación, protección contra a violencia de xénero e protección xurídica do Menor.
- g) Que acrediten actividade federativa en categorías de base durante a última tempada finalizada.

As federacións deportivas non están incluídas no ámbito de aplicación da presente Convocatoria.

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes, debéndose manter todos eles ao longo do tempo que dure o proxecto. O incumprimento na data de peche do prazo de presentación de solicitudes, considerarase criterio excluínente para a participación na convocatoria.



## 4. Conceptos subvencionables e prazo de execución

Considéranse **gastos elixibles** aqueles que de maneira indubidable sexan necesarios para atender á natureza do proxecto, en base ás seguintes especificacións:

- a) Gastos do persoal directamente implicado no proxecto social ou actividade de fomento do deporte de base (técnicos, monitores, médicos e outros) , xa sexan persoas con relación laboral directa coa entidade ou profesionais externos contratados para a prestación de servizos.
- b) Desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención).
- c) Equipamento deportivo.
- d) Comunicación e márketing relacionado co proxecto.
- e) Gastos de actividade federativa (licenzas, arbitrxes, canons ou cotas de participación).
- f) Gasto de reforma de inmobles.
- g) Poderá incluírse como gastos indirectos co límite do 10% do orzamento inicial ou do gasto executado se é menor.
- h) Gastos relacionados con material sanitario e de seguridade para facer fronte ás medidas de prevención, seguridade e saúde necesarias para o correcto desenvolvemento do proxecto. Terase en conta tanto a protección individual para o persoal da entidade e os colectivos beneficiarios como a adecuación das medidas de seguridade nas instalacións onde leven a cabo as actividades.

**Período de imputación de gastos:** desde a data de notificación da resolución definitiva ou 1 de setembro de 2023 para as entidades que recibiron axuda na convocatoria anterior. ata a data límite de execución dos proxectos (31 de agosto de 2024).

Nos xustificantes de gasto débese **acreditar a súa relación coa actividade.**

O custo de adquisición non poderá ser superior ao valor de mercado.

Non serán financiábles:

- Con carácter xeral, a amortización de operacións crediticias, gastos ou custos financeiros nin de asesoría, salvo que se traten de gastos imprescindibles, e debidamente acreditados, para a adecuada preparación do proxecto.
- Complementos salariais ou extra salariais de persoal que non estea exclusivamente contratado para o desenvolvemento proxecto (indemnizacións por despedimento, ...).
- Non se considerará gasto elixible o asociado a accións de recadación de fondos para fins solidarios.

## 5. Criterios de valoración

O procedemento de valoración realizarase conforme a criterios relacionados coa entidade e co proxecto.

### 5.1 Valoración da entidade (ata 20 puntos)

#### 5.1. a) Experiencia e traxectoria (ata 6 puntos)

Valorarase a experiencia demostrada en proxectos e actividades desenvolvidas para o fomento do deporte de base (diferentes ás actividades ordinarias da entidade), de acordo aos seguintes criterios:

- Proxectos, eventos e actividades organizadas pola propia entidade, realizadas no último ano (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022).
- Participación en actividades organizadas polo Servizo Municipal de Deportes no último ano (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022).

#### 5.1. b) Actividade federativa (hasta 6 puntos)

Valorarase o alcance da entidade deportiva no ámbito do deporte de base e o impacto na igualdade de xénero, en base aos seguintes criterios:

- Número total de **licenzas ata categoría xuvenil / junior** (non computan as licenzas dos técnicos deportivos, adestradores e xuíces).
- Porcentaxe de licenzas femininas en relación co total da entidade (non computan as licenzas dos técnicos deportivos, adestradores e xuíces).

#### 5.1. c) Estrutura organizativa e comunicación (ata 4 puntos)

Valorarase o funcionamento da actividade asociativa e o desenvolvemento da actividade deportiva en base a:

- Número de persoas asociadas (base social).
- Web propia con información actualizada sobre a asociación e proxectos.
- Perfiles en redes sociais activos e actualizados.

#### 5.1. d) Estrutura económica (ata 4 puntos)

Valorarase a capacidade de execución dos proxectos establecendo un equilibrio ponderado entre os seguintes criterios:

- Orzamento liquidado da entidade o ano anterior en relación ao orzamento do proxecto solicitado.
- Diversificación das fontes de financiamento e esforzo da propia entidade (porcentaxes da orixe do financiamento no orzamento liquidado).

## 5.2 Valoración do Proxecto presentado (ata 80 puntos)

A valoración do proxecto realizarase en base aos seguintes criterios:

Criterio	Puntuación
1. Complexidade do nivel de integración e inclusión social	Ata 30
2. Calidade e viabilidade técnica	Ata 30
3. Viabilidade económica	Ata 10
4. Comunicación e coordinación para a execución do proxecto	Ata 10

### 5.2.a) Complexidade do nivel de integración e inclusión (ata 30 puntos)

Terase en conta a información do proxecto recollida no **Formulario** e a dos **Convenios/cartas de Colaboración** que se acheguen asinados dentro do prazo de presentación e corrección de solicitudes.

#### Con 10 puntos

Establecemento de colaboracións e firma de convenio con entidades sociais, que se valorarán sempre **en base ao seu grao de implicación no proxecto e coa seguinte orde de prioridade:**

1. Organizacións sociais con experiencia e especialización na atención a persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
2. Organismos ou asociacións que presten atención e asistencia a persoas refuxiadas.
3. Entidades educativas, **a condición de que** non constitúan a única colaboración do proxecto.

#### Con 20 puntos

Valorarase a contribución aos fins e o cumprimento dos requisitos, tal e como de definen na base 1.

- Inclusión na súa metodoloxía de mecanismos de participación ou apoios que permitan aos colectivos destinatarios do proxecto interactuar en toda a duración do proxecto [Fin a) [Participación continuada dos beneficiarios](#)]
- Desenvolvemento dunha programación estable que permita xerar espazos de aprendizaxe e adherencia para que as persoas e colectivos en risco de exclusión poidan evolucionar cara á incorporación a actividades deportivas na cidade.
- [Fin b) [Iniciación e evolución na práctica deportiva](#)]

- Promoción da igualdade de xénero en relación co impulso do deporte feminino e o fomento da participación equilibrada de mulleres e homes naquelas modalidades deportivas nas que exista infrarepresentación dalgún destes, así como o uso da linguaxe respectuosa en todos os procesos de desenvolvemento e comunicación do proxecto. [Requisito xeral: transversalidade de xénero]
- Incorporación ás actividades deportivas habituais do club (adestramentos, competicións, campamentos, ...) mediante a oferta de prazas gratuítas ofertadas e consensuadas coa rede de Servizos Sociais Municipais do Concello da Coruña ou calquera outra entidade social coa que exista acordo de colaboración asinado. [Fin c) Facilitación de recursos de apoio necesarios]

### 5.2.b) Calidade e viabilidade técnica (ata 30 puntos)

A valoración deste criterio implica, necesariamente, un equilibrio entre os dous anteriores xa que, tratándose de **proxectos deseñados especificamente para esta convocatoria**, hanse de ter en conta os obxectivos que se perseguen: **deporte, solidariedade e inclusión**. Valorarase a **formulación clara da información solicitada** de modo que facilite a súa comprensión e demostre a coherencia xeral entre os seguintes aspectos:

- Explicitación e obxectividade da **xustificación e necesidade de realización do proxecto** no ámbito municipal.
- A **definición de obxectivos de inclusión específicos**, atendendo ás características do proxecto e dos colectivos participantes.
- A **relación entre o deseño do proxecto e os obxectivos da convocatoria**: descrición dos axustes realizados na metodoloxía da actividade deportiva e os mecanismos de apoio previstos para cumprir vos obxectivos de inclusión.
- A **planificación e temporalidade**. Valorarase positivamente a sustentabilidade do proxecto en base ao desenvolvemento das actividades ao longo do período da convocatoria.
- **Principais resultados esperados e indicadores**, sendo a súa explicación clara e coherente coa definición dos obxectivos, a tipoloxía do proxecto e os colectivos participantes.

### 5.2.c) Viabilidade económica (ata 10 puntos)

En relación á **coherencia orzamentaria** presentada nesta solicitude valorarase:

- Nivel de detalle que permita comprobar que os conceptos de gastos incluídos son subvencionables.
- A adecuación dos gastos ás actividades presentadas e do custo asignado a cada unha.

5.2.d) Comunicación e coordinación coas entidades colaboradoras para o desenvolvemento do proxecto (ata 10 puntos)

Valorarase a **descrición dos procedementos de coordinación e comunicación** coas entidades colaboradoras, que permitan identificar polo menos:

- Participación no deseño do proxecto.
- Sistema de derivación de beneficiarios.
- Organización de horarios, lugares, etc.
- Monitoreo da participación dos beneficiarios nas actividades.
- Implicación na comunicación do proxecto, tanto nas accións requiridas (base 8.4) como noutras adicionais co fin de ampliar o alcance da información e difusión da evolución e resultados do proxecto.

## 6. Solicitude: Prazo, documentación e proceso

### 6.1 Prazo de presentación

As presentes Bases publicaranse na web da Fundación Emalcsa. Así mesmo, publicarase un extracto das mesmas no Boletín Oficial da provincia (BOP) da Coruña en que se indicará a data de finalización do prazo de presentación de proxectos.

O prazo para solicitar as subvencións comezará ao día seguinte da publicación no BOP e permanecerá aberto **ata o 6 de xuño de 2023**.

**Non se admitirán a trámite** as solicitudes que non acheguen, dentro do prazo de presentación:

1. Documentación necesaria para constatar o cumprimento de requisitos para concorrer á convocatoria, recollidos na base 3ª: os sinalados no apartado 6.3.a, b e c.
2. **A instancia** de solicitude cuberta e asinada.
3. **O formulario** de presentación de proxecto. Non será posible subsanar este formulario salvo petición expresa da secretaría técnica.

### Información e consultas

Habilítase un teléfono e correo electrónico específicos de información e consultas coa Secretaría Técnica tanto para o período de presentación de solicitudes como nas súas posteriores etapas de execución e xustificación dos proxectos.

Teléfono: 627 251 278 - de luns a venres en horario de 9 a 14h

Correo electrónico: [deportesolidariosecretaria@gmail.com](mailto:deportesolidariosecretaria@gmail.com)

### 6.2 Datos de contacto para comunicacións

As entidades solicitantes deberán indicar na instancia de solicitude e no formulario de presentación unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono de contacto para que a Fundación poida comunicar calquera aspecto relacionado coa convocatoria.

Así mesmo, dirixiranse a esta dirección de correo electrónico as notificacións relativas á resolución de axudas e calquera outra información necesaria para o seguimento e control dos proxectos aprobados.

A non operatividade da dirección de correo electrónico ou número de teléfono liberan de toda responsabilidade á Fundación Emalcsa.

### 6.3 Documentación a presentar

- Para a solicitude desta subvención requírese documentación relativa á entidade e a específica da convocatoria, que se realizará mediante os **modelos oficiais dispoñibles** na Web da Fundación Emalcsa no apartado correspondente á X Convocatoria: <https://fundacionemalcsa.org/gl/x-convocatoria-deporte-solidario-e-inclusivo-2023-2024-2/>
- Instancia de solicitude
- Formulario de presentación de proxecto
- Declaración responsable
- Declaración responsable de oferta de prazas gratuítas aos Servizos Sociais Municipais da Coruña.
- Modelo de acordo de colaboración

**A presentación da documentación debe realizarse en formato dixital a través da seguinte ligazón: (<https://convocatorias.fundacionemalcsa.es/>) dentro do prazo indicado anteriormente.**

#### 6.3.1 Documentación da entidade

- a) Estatutos actualizados da entidade solicitante (agás que se presentaron na convocatoria anterior e non se modificaron).
- b) Certificado do **número do REMAC** (Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas). A entidade solicitante que presentase este documento para convocatorias anteriores, queda exenta de volver presentalo.
- c) **Certificado de estar ao corrente** no cumprimento das obrigacións tributarias e de Seguridade Social, no seu caso, emitidos dentro dos 6 meses previos á presentación da solicitude. No seu defecto, admitirase resguardo de solicitude que deberá subsanarse coa presentación dos certificados.
- d) **Balance e conta de resultados normalizados** (adaptados ao Plan Xeral Contable) do último exercicio liquidado.
- e) Certificación dos **datos bancarios** da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria dentro dos 6 meses previos á presentación da solicitude).
- f) Certificado de inscrición da entidade no Rexistro Oficial (provincial, autonómico ou estatal).
- g) **Certificado federativo de licenzas deportivas**, a data de presentación da solicitude, coa especificación do número total de licenzas de deportistas e de técnicos, desagregadas por sexo e categoría.

### 6.3.2 Instancia de solicitude e declaracións (segundo modelos establecidos)

- a) **Instancia** de solicitude. Deberá presentarse cuberta e con firma dixital da entidade solicitante ou de seu representante legal.
- b) **Declaración responsable** de oferta de prazas gratuítas para persoas derivadas polos Servizos Sociais Municipais. **Preceptiva para as entidades que establezan nos seus proxectos esta liña de colaboración.**
- c) Declaración responsable de que a entidade:
  1. Non está incurso en ningún dos supostos de prohibición establecidos na Lei Xeral de Subvencións.
  2. Non ten expediente sancionador en curso co Servizo Municipal de Deportes, coa Secretaría Xeral para Ou Deporte ou coa Federación correspondente.
  3. Está ao corrente das obrigacións establecidas en convocatorias anteriores do Concello da Coruña e da Fundación Emalcsa, no momento de concesión da axuda.
  4. Cumpre coa lexislación en todos os aspectos relacionados co proxecto.
  5. Comunicará á Fundación Emalcsa a solicitude ou concesión doutras axudas por parte doutras entidades, públicas ou privadas, e, no seu caso, orixe e importe.
  6. Faise responsable da vixencia e veracidade de toda a información achegada ao obxecto de concorrer a esta convocatoria.
  7. Comprométese a manter na xustificación a porcentaxe de cofinanciamento da solicitude.
  8. Autoriza á Fundación Emalcsa a contrastar a información achegada coa Administración e entidades públicas ou privadas pertinentes

### 6.3.3 Documentación do proxecto (segundo modelos establecidos)

#### 1. Formulario de descrición do proxecto

Deberá incluír información completa e clara que permita a súa avaliación, atendendo aos criterios de valoración que se especifican nestas bases. Presentarase debidamente cuberto e con firma dixital da entidade solicitante ou de seu representante legal.

Ademais da información solicitada neste formulario, poderase achegar dentro do prazo de solicitudes aquela documentación complementaria que se estime oportuna para acreditar e completar a información facilitada, favorecendo valoración da solicitude.

#### 2. Colaboración con entidades sociais

Convenio de **colaboración ou carta de compromiso** de colaboración de cada entidade social interesada en participar no proxecto atendendo ás seguintes especificacións.

- Se se presentou **carta de compromiso**, debe expresar a intención de asinar o **convenio de colaboración** e describir os termos da colaboración. En caso de concederse a axuda, solicitarase a presentación destes convenios dentro do mes seguinte á firma do convenio de colaboración coa Fundación Emalcsa.



- Durante a fase de avaliación, só valoraranse os convenios achegados dentro do prazo de presentación de solicitudes ou corrección das mesmas, debidamente asinados e con vixencia acorde ao período de execución do proxecto proposto.

## 6.4 Subsanación

En caso de apreciarse defectos ou carencias emendables, notificaranse por correo electrónico **requirindo a súa achega no prazo de dez días naturais** (a contar a partir do día seguinte á notificación).

Tipos de requirimentos e consecuencias:

- a) Documentación que acredite os requisitos para ser entidade adxudicataria da subvención:
  - Solicitarase corrección por defecto, erro ou ausencia dos documentos sinalados na base 6.3.1 e 6.3.2.
  - Se non se atende, entenderase por desistida a solicitude.
- b) Documentación relativa a elementos de valoración:
  - Solicitarase corrección da ausencia dos documentos sinalados na base 6.3.3, excepto o previsto no apartado 6.1.
  - Se non se rectifica afectará á valoración, pero non excluírá a solicitude da fase da admisión.

## 7. Avaliación e Resolución

As solicitudes recibidas en prazo serán avaliadas pola **Comisión de Avaliación**, integrada por persoal técnico experto nas materias relativas a esta convocatoria.

Durante todo o proceso, a Comisión poderá reunirse con representantes da entidade, ou ben solicitar información adicional sobre o proxecto ou a organización, requiríndoa mediante correo electrónico. En caso de non presentarse en prazo, podería afectar á súa valoración ou, mesmo, ser motivo de desestimación.

O proceso realizarase conforme ás etapas que se describen a continuación.

### 7.1 Proposta de valoración inicial

Tras a avaliación de todos os proxectos presentados **farase unha proposta de valoración inicial que incluirá:**

- A relación ordenada de todas as solicitudes que cumpran os requisitos.
- A indicación da puntuación outorgada.
- importe da axuda que se propón para cada entidade.
- A puntuación mínima establecida para obter a condición de entidade beneficiaria.
- A relación de solicitudes desestimadas por non cumprir algún dos requisitos.

**A Comisión de Avaliación poderá establecer unha puntuación mínima para acceder ás axudas económicas.**

A proposta presentarase á Fundación Emalcsa para a súa aprobación e será publicada na web da Fundación ao día seguinte da súa emisión. Ademais, notificarase individualmente a todas as entidades solicitantes a puntuación asignada e a decisión favorable ou desfavorable da Comisión, concedéndose un **prazo de 5 días naturais** (a partir do seguinte á notificación) para consultas relacionadas.

A Comisión poderá reservar unha porcentaxe dos fondos da convocatoria, á espera de consultas e alegacións, que será distribuído na proposta de concesión provisional. Se das consultas e alegacións derivase algunha modificación sobre as puntuacións iniciais, convocaríase á Comisión para realizar unha nova cualificación das propostas e de redistribución dos fondos.

A proposta de valoración inicial non crea dereito algún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Fundación.

### 7.2 Proposta de concesión provisional

Finalizado o prazo de consultas e respostas relativas á valoración inicial, emitirase a **proposta de concesión provisional:**

- A relación ordenada das entidades propostas para ser beneficiarias de axuda.
- As puntuacións finais de cada entidade.
- importe da axuda que se propón en función da valoración obtida.

- A puntuación mínima establecida para obter a condición de beneficiaria.
- A relación de solicitudes desestimadas por non cumprir algún dos requisitos.

Este ditame presentarse á Fundación para a súa aprobación e publicarse na web da Fundación ao día seguinte da súa emisión. Notificarase ás entidades que se propoñen como beneficiarias a puntuación final e a correspondente axuda proposta, solicitándolles que presenten nun **prazo máximo de 5 días naturais** (a partir do día seguinte da notificación) a **reformulación dos orzamentos e os proxectos axustada á axuda asignada provisionalmente**, naqueles casos, cando o importe da subvención concedida provisionalmente sexa inferior ao importe solicitado.

Se algunha das entidades seleccionadas renunciase á axuda proposta durante o proceso de resolución, a Comisión poderá acordar, sen necesidade de nova convocatoria, a repartición da contía de dita axuda entre o resto de entidades seleccionadas en proporción á puntuación obtida, sen que se poida superar en ningún caso o límite de 20.000 euros por subvención nin o importe solicitado pola entidade.

A proposta de concesión provisional non crea dereito algún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Fundación.

### 7.3 Proposta de resolución definitiva

Transcorrido o prazo de presentación de reformulacións, realizarase a revisión e validación dos proxectos reformulados. Como resultado, emitirase a **proposta de resolución definitiva** que conterá:

- A relación ordenada das entidades que obteñen a condición de beneficiarias.
- As puntuacións obtidas.
- Os importes finalmente concedidos.

Esta proposta será presentada á Fundación Emalcsa para a súa aprobación. Ao día seguinte da súa ratificación, **farase pública na web da Fundación** a acta de resolución definitiva emitida pola Comisión de Avaliación, que terá carácter executivo e inapelable.

**Notificarase ás entidades correspondentes** a resolución definitiva con indicación do importe da axuda que lle foi concedida e os detalles da firma de convenios para que no prazo de 5 días naturais (a partir do día seguinte á notificación) comuniquen a súa aceptación ou renuncia da axuda.

As titulares dos proxectos que non resulten beneficiarias de axuda nesta convocatoria terán 8 días naturais (a partir do día seguinte á resolución definitiva) para solicitar a devolución da documentación presentada.

## 8. Formalización da concesión. Forma de Pago. Circunstancias excepcionais

### Firma do convenio

A formalización da adxudicación finalizará coa firma dun convenio entre a Fundación Emalcsa e cada unha das entidades beneficiarias. Nel reflectiranse os dereitos e obrigacións das partes, e incluirá:

- O importe da axuda concedida.
- O prazo de execución do proxecto.
- A forma de pago.
- A xustificación do gasto.
- Os mecanismos de seguimento e avaliación do proxecto, así como a presentación de informes.

### Acreditación de representación legal da entidade beneficiaria para a firma

Realizarase nun **prazo máximo de 5 días naturais** desde a comunicación da **resolución definitiva**, salvo que xa sexa a mesma que na convocatoria anterior. En caso de non poder acudir, presentarase carta de delegación en favor da persoa designada asinada por quen ostenta a representación legal.

### Forma de pago

A Fundación Emalcsa realizará o abono da cantidade concedida nunha conta bancaria da entidade de acordo ao seguinte esquema de pagos:

- Entidades que non obtiveron axuda na IX Convocatoria: abonarase o 100% do importe no prazo máximo dun mes desde a firma do convenio.
- Entidades que obtiveron axuda na IX Convocatoria e alcancen 6 ou máis puntos (sobre 10) na xustificación: abonarase o 100% do importe no prazo máximo dun mes tras a emisión da carta de conformidade da xustificación.
- Entidades que obtiveron axuda na IX Convocatoria e alcancen menos de 6 puntos (sobre 10) na xustificación: abonarase o 50% do importe concedido no prazo máximo dun mes tras a emisión da carta de conformidade da xustificación, e o 50% restante tras a avaliación intermedia (establecida na base 11.1), suxeito a un adecuado desenvolvemento do proxecto.

### Circunstancias excepcionais

Se as circunstancias de saúde pública fan inviable ou dificultan por incerteza insalvable a execución dos proxectos, a Presidenta ou a Vicepresidenta do Padroado da Fundación Emalcsa, indistintamente, poderán acordar, **en calquera momento previo á firma dos convenios**, a suspensión da tramitación ou mesmo deixar sen efecto a convocatoria. Esta

suspensión ou anulación será irrevogable e **non xerará dereito algún de compensación ou indemnización** a favor das entidades que se presentaron á convocatoria ou fosen obxecto de concesión provisional ou de resolución definitiva.

## 9. Obrigacións das entidades beneficiarias

A presentación a esta convocatoria implica a plena aceptación das súas bases e, en caso de ser beneficiaria de subvención, o cumprimento das obrigacións que delas derívanse.

Estas obrigacións refírense a:

1. Os requisitos e condicións de execución do proxecto.
2. O procedemento de seguimento e avaliación.
3. A protección de datos e dereitos de imaxe.
4. As accións de publicidade e difusión.

O incumprimento das obrigacións adquiridas pode levar á perda da subvención.

Para todos aqueles aspectos que non estean expresamente regulados nas presentes bases, será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

### 9.1 Sobre as condicións de execución do proxecto

- a. Executar o proxecto nos termos, prazos e requisitos estipulados nestas bases e os estipulados no convenio co que se formalizará a concesión.
- b. Asumir ao seu cargo a exclusiva responsabilidade do funcionamento da entidade e da realización do proxecto subvencionado.
- c. Cumprir con todos os requisitos manifestados na declaración responsable presentada coa solicitude da axuda.
- d. Comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte gravemente o desenvolvemento do proxecto aprobado, así como o atraso de máis dun mes no inicio do proxecto en relación á data indicada na reformulación.
- e. **Solicitar autorización previa e expresa** á Fundación Emalcsa para realizar calquera **modificación substancial** sobre o proxecto, entendendo por tal aquela que afecte a:
  1. Obxectivos e actividades que afecten os obxectivos do proxecto ou as entidades colaboradoras do mesmo.
  2. Beneficiarios/ as aos que se dirixen as actividades
  3. Variacións entre partidas do orzamento aprobado, se estas supoñen cambios superiores a 1.000€ ou que superen o 20% da axuda concedida.

As solicitudes deberán estar **suficientemente motivadas** e hanse de realizar:

- i. con carácter inmediato á aparición das circunstancias que as xustifiquen, se se trata de modificacións de obxectivos, actividades ou beneficiarios (puntos 1 e 2).

- ii. con antelación á presentación do Informe Final de xustificación para as variacións no orzamento (punto 3).

A autorización ou denegación será comunicada no prazo máximo dun mes desde a solicitude.

No caso de modificacións menores, non incluídas nas categorías descritas, bastará coa súa comunicación durante a execución do proxecto no informe final.

- f. Conservar os documentos xustificativos dos gastos realizados cos fondos concedidos (incluídos documentos electrónicos) para as actuacións de comprobación e control financeiro, durante un período de catro anos a contar desde a data límite de presentación de xustificacións.
- g. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos en caso de incumprimento segundo os supostos establecidos na base 10.

## 9.2 Sobre o proceso de seguimento e avaliación

A Fundación Emalcsa, ben directamente ou ben a través da subcontratación de terceiros, realizará o seguimento, control técnico e avaliación dos proxectos, así como ao exame dos informes de xustificación presentados.

Para iso, poderá realizar avaliacións *in situ* do proxecto ou solicitar información complementaria. Poderase requirir, por exemplo, información relativa ás actividades, os gastos executados, a publicidade realizada e a solicitude/concesión doutras axudas e subvencións.

### Avaliación intermedia

Realizarase un informe de avaliación intermedia, segundo modelo facilitado pola Fundación, co fin de comprobar o desenvolvemento do proxecto.

Quedarán eximidos deste trámite, aqueles proxectos, cuxo período de execución e finalización prodúzanse de forma anterior á data establecida pola Fundación Emalcsa para levar a cabo a avaliación intermedia.

## 9.3 Sobre a Protección de datos e Dereitos de imaxe

De acordo coa lexislación vixente, as entidades beneficiarias están obrigadas a cumprir, en toda a súa actividade, coa normativa en materia de **protección de datos**.

Cando os datos das persoas participantes nos proxectos subvencionados nesta convocatoria haxan de ser facilitados á **Fundación Emalcsa**, ha de informar e **solicitar formalmente o seu consentimento**.

Doutra banda, sendo esta unha convocatoria para o **fomento do deporte solidario e inclusivo**, unha parte da actividade dos proxectos subvencionados está enfocada á sensibilización social, o que implica **actuacións de información, difusión e publicidade das actividades**.

Para cumprir coa **normativa en materia de dereitos de imaxe**, as entidades beneficiarias da subvención están obrigadas a **formalizar a autorización e cesión dos dereitos de imaxe** de todas as persoas participantes nos proxectos. Neste documento deben figurar de forma clara e específica: os datos da entidade, os do proxecto, os identificativos de cada persoa participante, o tipo de imaxes e a súa finalidade, os destinatarios e canles de difusión a empregar e os das obrigacións contractuais que implica.

No caso de que no proxecto participen **persoas menores de idade ou con incapacidade legal recoñecida**, a autorización ha de estar asinada tamén pola persoa ou entidade que exerza a súa **titoría legal** a efectos do proxecto.

A Fundación Emalcsa poderá facer uso das imaxes remitidas polas entidades para a elaboración da memoria, así como para a difusión dos proxectos e o desenvolvemento de boas prácticas en materia de fomento do deporte e a inclusión. A responsabilidade das imaxes recibidas recae sobre a entidade que as facilita.

## 9.4 Sobre a publicidade e difusión

A entidade beneficiaria deberá **facer pública no prazo máximo dun mes** a concesión da subvención a través da publicación na súa web ou en calquera das súas redes sociais.

Así mesmo, a fin de reforzar as accións de difusión a través das redes sociais da Fundación Emalcsa, durante a execución do proxecto comunicará á Secretaría Técnica por correo electrónico a **programación de actividades**.

A entidade beneficiaria tamén adquire a **obligación de facer constar a colaboración da Fundación Emalcsa**, e dos patrocinios da actual convocatoria, **en toda a documentación informativa e accións de difusión e publicidade** (en calquera formato e soporte) relacionada co proxecto. A tal fin, tras a firma do convenio coa Fundación Emalcsa, facilitarase ás entidades beneficiarias o seguinte:

- **Logotipos oficiais e proporcións** nas que deberán ser incluídos en todos os elementos de difusión: cartelería, folletos e papelería, portadas e créditos no material audiovisual, comunicacións cos medios, serigrafía en roupa e equipamento, etc. Este contido tamén está dispoñible na web da Fundación Emalcsa (<https://fundacionemalcsa.org/identidad-corporativa/>)
- Perfiles das **redes sociais da Fundación Emalcsa** que deberán ser mencionados en todas as publicacións relacionadas co proxecto por parte da entidade: Instagram, Facebook, Twitter e YouTube.
- Descrición e forma de solicitude do roll up co logo da Fundación Emalcsa.

## 10. Xustificación

Con **data límite 16 de setembro de 2024**, a entidade deberá realizar a xustificación a través da plataforma en liña habilitada para a presentación de documentación, a través da ligazón que se facilitará desde a Secretaría Técnica do programa.

### 10.1 Documentación do proxecto

#### 1. Informe final (segundo modelo facilitado pola Fundación)

Este informe debe conter a información das actividades realizadas, os resultados obtidos e as accións de difusión levadas a cabo. Débese especificar:

- O número de persoas beneficiarias das accións realizadas desagregado por entidades social de derivación.
- O tipo de colectivo ao que pertencen as beneficiarias
- As modificacións non substanciais en relación ao proxecto presentado.

#### 2. Documentación **acreditativa da realización**:

- Fotos das actividades. Como mínimo deben presentarse 4 imaxes.
- Mostras da publicidade e difusión: notas de prensa, mostras de publicacións en redes sociais, vídeos...
- Mostras da difusión de colaboración da Fundación Emalcsa e entidades patrocinadoras.

**3. Carta de conformidade e/ou informe** sobre o desenvolvemento do proxecto de cada unha das entidades colaboradoras do mesmo, conforme ao modelo facilitado pola Fundación Emalcsa.

### 10.2 Documentación económica

#### 1. Relación clasificada dos gastos (segundo modelo facilitado pola Fundación)

Esta relación debe incluír todos os gastos que foron obxecto de subvención e incluírá:

- A identificación do provedor, importe total do gasto, tipo de documento xustificativo e a súa codificación, data de emisión e de pago.

Os gastos xerais deberán incluírse na relación de gastos imputados á subvención, sen que sexa preceptivo presentar os xustificantes.

#### 2. Xustificantes de gasto e acreditación do pago

Presentaranse as **facturas** axustadas á normativa legal ou **documentos de carácter probatorio equivalente** no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas da acreditación do seu pago

Admitirase a xustificación de gastos pagos en efectivo ata un límite total de 250 € coa presentación do recibí coa firma orixinal do receptor.



**3. Declaración responsable** de quen ostente a representación legal da entidade conforme as facturas presentadas, imputadas ao proxecto subvencionado ao amparo desta convocatoria, non se empregarán para xustificar outras subvencións recibidas por outras institucións públicas ou privadas.

#### **4. Requisitos e obrigacións da acreditación do gasto**

- A entidade queda obrigada a dispoñer dos **orixinais dos xustificantes de gastos cun selo ou dilixencia** na que se faga constar que se empregaron para a xustificación da presente convocatoria, así como o importe ou porcentaxe imputado a esta.
- Da **descrición do concepto facturado** debe deducirse se é un gasto elixible nos termos establecidos na base 3. De non ser así, a entidade deberá presentar xunto coa factura unha breve explicación sobre os conceptos sinalados na mesma.

### **10.3 Proceso de revisión e extinción do convenio**

Toda a documentación xustificativa, unha vez comprobada, será obxecto de fiscalización por parte da Secretaría Técnica de forma previa á súa aprobación.

Se se apreciase insuficiencia ou a existencia de defectos emendables, comunicarse á entidade concedéndoselle **un prazo para a súa corrección** a partir do día seguinte á notificación. No seu caso, realizaranse novamente as actuacións de comprobación sobre a documentación emendada. Este proceso poderá repetirse en caso de detectar novos erros ou deficiencias na corrección.

Reunida toda a documentación xustificativa correcta, procederase á súa revisión e avaliación final emitindo o correspondente informe.

O proceso de xustificación será obxecto de valoración por parte da Secretaría Técnica, sobre unha puntuación máxima de 10 puntos que repercutirá na forma de pago da axuda concedida na seguinte convocatoria se é o caso (en forma semellante á descrita na base 8). Para esta avaliación teranse en conta: a consecución de obxectivos, os aspectos formais de xustificación e a publicidade e difusión realizada.

A xustificación parcial implicará a devolución da parte proporcional ou do total da axuda percibida:

- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, máis do 50% do orzamento subvencionado, devolverase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que se devolverá o importe completo.

A Fundación Emalcsa comunicará formalmente nun **prazo de catro meses tras a recepción do informe final a aprobación ou non, no seu caso**. Dita aprobación dará lugar á extinción do convenio. Se non se recibise no prazo máximo de catro meses, considerarase extinguido.

## 11. Incumplimentos

As entidades beneficiarias das axudas comprométense ao **reintegro das cantidades recibidas nos seguintes casos:**

- a) Incumplimento da obrigaón de presentación de informes das actuacións realizadas e de xustificación do gasto.
- b) Incumplimento grave de obxectivos para os que foi concedida a subvención.
- c) Supostos en que os gastos non levasen a cabo por calquera causa ou se modificasen substancialmente os proxectos sen autorización expresa da Fundación Emalcsa.
- d) A inobservancia de calquera outra condición imposta con motivo da concesión da axuda.
- e) Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas para iso.
- f) Resistencia, escusa e obstrución ás actuacións de seguimento e control.
- g) Incumplimentos graves ou falsidade no informe final do proxecto, postos de manifesto nas accións de seguimento a que se refire a base 8.2, e durante a xustificación das axudas referida na base 9.

Cando se constate un incumplimento reiterado dos prazos concedidos nos actos de trámite ou se produciron outras deficiencias durante o proceso de xustificación ou na información presentada, que non estean recollidas nas causas de reintegro precedentes, terá como consecuencia a imposibilidade de obter colaboración económica da Fundación Emalcsa na seguinte Convocatoria de Deporte Solidario e Inclusivo.

## 12. Protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Fundación Emalcsa coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos relativos a este procedemento baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos por obrigação legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos comunicándoo na sede da Fundación Emalcsa Manuel Murguía s/n - Casa da auga, distrito postal 15011, da Coruña, ou por correo electrónico a [secretaria@fundacionemalcsa.org](mailto:secretaria@fundacionemalcsa.org).